

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 3 DE MAIO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día tres de maio de dous mil dezaseis; as once e media da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vintecinco de abril de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.--**

**MODIFICACION DE LICENZA DE OBRAS RIB/C/02.2/13. -**

Visto o escrito presentado por **Dona Aurora Gil López**, con domicilio na Hermida nº 2B,Castrelo de Miño, onde solicita modificación da Licenza de Obras para vivenda unifamiliar entre medianeiras na estrada vella N-120, Nº 77, lugar de San Paio, según Proxecto redactado polo Arquitecto Don Cesar Tejada Cid e visado en data de 25.02.2013, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.04.2013.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 2 de maio de 2016 no que se conclue o seguinte:

“Informar favorablemente o modificado de Licenza de Obras para construción de vivenda unifamiliar entre medianeiras, segundo ANEXO I MODIFICACIÓN e RECTIFICACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ENTRE MEDIANEIRAS”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Conceder licenza de obras a Dona Aurora Gil López para vivenda unifamiliar entre medianeiras na estrada vella N-120, Nº 77, lugar de San Paio, en Ribadavia, de acordo co ANEXO I MODIFICACIÓN e RECTIFICACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ENTRE MEDIANEIRAS (1 copia), redactado polo arquitecto César Tejada Cid, visado 1210273,4 data 26.04.2016.
2. Manter as condicións establecidas na licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 09.04.2013.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

#### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Don Adrian Jorge Miguel Giuliano**, con domicilio na rúa Progreso nº 22, 3ºC, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmobile, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 19-04-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Deputacion Provincial de Ourense, Decreto de data 15.04.2016, concedendo subvención para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes vairais municipal e provincial durante o ano 2016.

- De Telefónica, escrito relativo a supresión de teléfono público de pago sito na rúa Progreso desta Vila.

- Da Axencia de Turismo de Galicia, comunicando inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da denominada "Porta da Cela", sito na rúa Alcalde Meruéndano nº 2 a nome de Don Nemesio Suarez Rodríguez.

-Da Xefatura Territorial da Conselleria de Cultura, Educación e Ordenacion Universitaria, escrito remitiendo informe da Unidade Técnica relativo o desprendemento de terras ao carón do pavillón polideportivo sito en Maquians.

- Do Servicio Provincial do A.X.I., notificando Resolución autorizando corte de tráfico na Estrada OU-405, Ribadavia (OU-406)-A Ibia (N-120), p.k. 0+300 ao 0+680, para celebración de feiras quincenais.

### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

#### **APROBACIÓN DO PADRÓN COBRATORIO DA TAXA POLA RECOLLEITA DE LIXO.-**

“ A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio da Taxa por a Recolleita de Lixo, correspondente ao exercicio 2016, por importe de 231.142,81 euros. Así mesmo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario da Taxa de Recolleita de Lixo correspondente ao presente exercicio económico fixando o prazo entre o 5 de Maio e o 5 de Xullo de 2016.”

Os integrantes da Xunta de Goberno Local, toman coñecemento da Resolución da Alcaldía de data 28.04.2016, relativa a solicitude de subvención para equipamento e mellora da Casa de Cultura, que de seguido transcríbese:

#### **"SOLICITUD DE SUBVENCION.-**

**Orde do 11 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e agrupacións de Concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais para o ano 2016.**

O abeiro da Orde do 11 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e agrupacións de Concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais para o ano 2016, esta Alcaldía, acorda:

**UNICO.-** Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Mellora e acondicionamento do auditorio da Casa de Cultura municipal: Supresión de barreiras arquitectónicas e equipamento”, por importe de 35.714,31 euros, e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta Orde, así como o compromiso de financiar o importe da actuación que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude”.

#### **TOMA DE COÑECEMENTO DE CONVENIO CON GAS NATURAL FENOSA**

Os membros da Xunta de Goberno Local, toman coñecemento de convenios asinados polo Sr. Alcalde con data 12.04.2016 coa empresa Gas Natural Servicios SDG S.A. e Gas Natural Sur SDG S.A. para o aboamento das debedas con ditas entidades, en concreto dende setembro e maio de 2014 respectivamente.

#### **CONTRATO MENOR SUMINISTRO PRODUCTOS QUÍMICOS PISCINA.-**

Dase conta da proposta do Director do Servicio Municipal de Deportes de data 02.05.2016 relativo a aprobación do expediente de contratación relativo a suministro produtos químicos piscina, por un importe máximo de 3.000 euros.

No expediente constan os seguintes elementos:

- Informe de intervención de data 02.05.2016.
- Prego de prescripcíons técnicas de data 02.05.2016.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1. Aprobar un gasto por importe de 3.000,00 € IVE induído.
2. Aprobar o Prego de Prescripcíons técnicas para a contratación do subministro de produtos quimicos e outros para a piscina de xestión directa polo Concello.
3. Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presente proposta económica para dito contrato de suministro relacionando o Sr. Alcalde as seguintes empresas a invitar de acordo co informe do Director do Servicio Municipal de Deportes: Lincold Iberica S.L., Subita S.L. e Industria Quimica Rio Blanco S.L..

#### **TOMA DE COÑECEMENTO DE CONVENIO**

Os membros da Xunta de Goberno Local, toman coñecemento do Convenio de Colaboración para o desenvolvemento da actividade denominada "Ribeirolandia" no Concello de Ribadavia durante a Feira do viño 2016, asinado pola Alcaldía con data 26 de abril de 2016.

#### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as doce do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.